



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A RECUPERACIÓN DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a recuperación da banda municipal de música.

Exposición de motivos

Hai 20 anos creábase a Banda Ferrolá de Música sendo Bonifacio Borreiros concelleiro de Cultura da nosa cidade. A agrupación nacía con vocación formativa e os seus integrantes eran considerados bolseiros.

Durante este tempo e sempre baixo a dirección de Narciso Pillo a Banda converteuse nun dos maiores referentes culturais da cidade. Cunha calidade contrastada esta considerada unha das máis importantes e mellores do país. Enorme mérito se consideramos ademais que as que a acompañan en importancia están integradas por funcionarios/ as municipais das súas respectivas cidades.

O seu programa de actividades anuais é inxente, ao tradicional e xa histórico ciclo de verán na rúa sumouse nos últimos anos o que se desenvolvía durante o inverno e a primavera no Auditorio de Ferrol. A Banda Ferrolá de Música é protagonista ademais de celebracións e actos públicos do Concello e participa noutros eventos da cidade como por exemplo a Semana Santa.

O prestixio alcanzado fóra de Ferrol posibilita que a súa presenza artística sexa cada día máis demandada noutras localidades converténdose así nunha das mellores embaixadoras das que dispón a nosa cidade.

A Banda é por tanto pedra angular cultural dunha cidade, Ferrol, que sempre se significou pola súa relación coa música, que presume da devandita condición, que conta con Conservatorio e excelentes espazos escénicos ademais dun público entendido e constante. É importante sinalar que esa condición conséguese dunha maneira moi económica con respecto a agrupacións similares da nosa contorna.

Mentres todos estes logros artísticos producíanse o aspecto burocrático e a súa vinculación co Concello non acompañaba o crecemento da formación.

O espírito pedagóxico sinalado nun principio era rapidamente superado. Os integrantes permanecen na agrupación durante moitos anos, algúns practicamente desde a súa formación, non sendo posible definilos como bolseiros. Esta situación xerou importantes tensións administrativas, atrasos nos pagos das reducidas bolsas e a imposibilidade de revisar as condicións contractuais dos seus membros para darlles maior dignidade. No debe de todos os que gobernamos a cidade o non saber atopar saída a unha situación cada vez máis enquistada co paso do tempo.

Todos estes aspectos deron lugar o pasado ano a un contencioso que resolveu o xulgado regularizando a relación laboral dos membros da Banda Ferrolá de Música co Concello.

Lonxe de clarificar o futuro da agrupación asistimos nestes meses a practicamente a súa desaparición da actividade pública e a unha enorme desinformación pola folla de ruta marcado polo goberno local con respecto a esta cuestión. Mais grave parece que os propios protagonistas, músicos integrantes, mostren o mesmo descoñecemento e unha ausencia de comunicación cos responsables municipais. O feito de que non percibisen ningún tipo de salario en todo o que vai deste ano en curso échenos de preocupación e a certeza de que é necesario resolver e clarificar inmediatamente a situación. A dignidade outorgada á Cultura pasa por respectar as condicións daqueles e aquelas que a fan posible.

Queremos lembrar ademais que este tema xa foi abordado e aprobado polo Pleno municipal durante este mandato. Vémonos por tanto obrigados a insistir en cuestións básicas que garantan o futuro da Banda Ferrolá de Música e a dignidade dos seus compoñentes.

Por todo iso pedimos ao pleno municipal:

1- O abono inmediato de todos os salarios debidos aos integrantes da Banda Ferrolá de Música.

2- A convocatoria dunha reunión urxente dos responsables municipais cos compoñentes da devandita agrupación para resolver calquera dúbida existente e poder establecer unha planificación de futuro que garanta o seu correcto

funcionamento. Clarificar os aspectos administrativos e laborais dos músicos e a súa relación co Concello.

3- A realización dunha programación artística para a Banda Ferrolá de Música que posibilite o seu retorno o máis rápido posible á vida cultural da cidade recuperando os ciclos e intervencións dos que era protagonista.

Ferrol, 24 de agosto de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común